

# INFORMACIÓN DE TUI

Albergue de Peregrinos	Párroco Rodríguez Vázquez s/n	638276855
Catedral	Plaza de San Fernando	986 600 511
Centro de Saúde	Praza Galicia, S/N	986 601 800
Policía Local	Praza da Inmaculada	986 603 677
Casa do Concello	Praza do Concello, 1	986 603 625

Estamos en Facebook (Perfil: “Tui Camiño de Santiago”)

## TUI A PORTA SUR DO CAMIÑO PORTUGUES EN GALICIA

### A CIDADE DE TUI

As magníficas **condicións naturais** favoreceron o asentamento humano dende tempos remotos. O casco de bronce de Caldelas (no Museo Diocesano) ou o castro do Alto do Cubos (en Pazos de Reis) son as principais testemuñas de épocas prehistóricas



Na **Romanización** Tui contará cunha das mansións da Vía XIX, entre Braga e Lugo, así coma un elemento defensivo, o Castellum Tyde das fontes clásicas. Un importante papel acrecentado no **reino suevo**, especialmente ao asentar Rekiamundo a súa corte, como posteriormente farao o príncipe visigodo Witiza. Logo da **invasión musulmana** e os ataques **viquingos** os reis puxeran á cidade baixo o señorío do bispo (a súa sé está documentada dende o século V). Tui será dende aquela un centro relixioso, administrativo, militar e comercial do sur de Galicia. Nestes séculos existía unha **comunidade xudía**, coa súa sinagoga e cemiterio (e mesmo unha carnicería, a única documentada en Galicia).

En 1640, co gallo das **guerras con Portugal** ampliáanse as murallas medievais, adaptándoas aos novos sistemas defensivos. Até 1833 Tui foi unha das sete capitais de provincia do Reino de Galicia e na cidade celebráronse as Xuntas do Reino de Galicia en 1664. Escenario das loitas contra os invasores franceses, a principios do século XIX, Tui conservou o seu rico patrimonio cultural e a súa condición de lugar de unión cós veciños portugueses, sobre todo dende a construción da ponte internacional en 1886.





## O ROTEIRO

As rutas de peregrinación do Norte de Portugal confluían sempre en **Valença do Minho**; o principal roteiro é o que chegaba polo interior dende Ponte de Lima, dende Tui o camiño seguía xa unificado pola Depresión Meridiana (Porriño, Redondela, Pontevedra, Caldas, Padrón e Santiago). Os peregrinos que chegaban a Tui dende as terras lusitanas cruzaban o río Miño por medio das barcas de pasaxe existentes. A principal, a do Cabido, desembarcaba xunto á desembocadura do río Muíños (actual zona da Fábrica – Centro de Remo e Piragüismo) no porto chamado de Santa Baia. Xunto á desembocadura do Louro, nun emprazamento alonxado, estaba o porto da barca portuguesa.



Os peregrinos entraban respectivamente na cidade pola porta dos Ferreiros ou pola porta do Arco, para dirixirse á **Catedral** e ao inmediato **Hospital** de pobres e peregrinos, onde eran acollidos unha xornada.




## O CULTO XACOBEO NA CATEDRAL TUDENSE

A Catedral conserva un culto inmemorial ao Apóstolo Santiago, mesmo a tradición sinala que o primeiro bispo tudense, S. Epitafio, foi o seu discípulo morrendo tamén martirizado. Dende os primeiros tempos medievais a Catedral contaba cunha capela dedicada ao Apóstolo, con altar e imaxe propia citada xa en 1373. Na actualidade podemos contemplar o retabulo realizado polo tudense José Domínguez Bugarín en 1696. A Catedral tudense, cuxa construción comezou na primeira metade do século XII, como igrexa de peregrinación acollía aos peregrinos no seu triforio e estaba dotada dun “Maior Turibulus” ou botafumeiro, do que conservamos no cruceiro as ménsulas decoradas con atlantes policromados.



## O HOSPITAL

Os hospitais son unha creación medieval e relixiosa e funcionaban nun primeiro momento, na alta idade media, como albergue, hospital; a atención aos forasteiros e peregrinos era unha das principais obras de caridade a realizar. O primitivo Hospital tudense foi fundado en 1181 xunto á Catedral. Xa en 1441 a xustiza da cidade dóalle ao Hospital unhas rendas para, entre outras funcións, “soster e prover os Romeus et pelegrins que acoden de diversas partes do mundo, cada día viñan ao dito hospital”. En 1569 o bispo Diego de Torquemada reedificouno e dotouno de constituicións xunto ao Hospital dos Lázaros, para “rescibir sean en el los pobres extrangeros que pasaren y estando sanos no podran mas de un dia y una noche, y si estuviere enfermo el tiempo que dure la enfermedad”. Unha nova reforma foi realizada en tempos do bispo Juan Manuel Rodríguez Castañón, que o reedifica o Hospital en 1756, poñéndoo baixo a advocación da Virxe do Pilar. Na actualidade acolle o Museo da diocese de Tui-Vigo. As testemuñas documentais certifican a presenza en Tui dun sinfin de peregrinos, moitos portugueses pero tamén doutras nacionalidades: Italia, Francia, Flandes, Alemaña, etc





## OS PEREGRINOS

A peregrinación é un fenómeno relixioso, que no cristianismo tiña coma destino: Terra Santa e os lugares vencellados á presenza de santos. O inicio do culto xacobeo co descubrimento do sartego do apóstolo Santiago da inicio á peregrinación a Compostela. Pero da inmensa maioría dos peregrinos carecemos de testemuñas pola súa humilde condición e a xeralización da peregrinación, só os poderosos deixan referencias escritas do seu paso que tamén podemos atopar na documentación de hospitais e albergues. Neste camiño portugueses hai documentados peregrinos dende época moi temperá. Posiblemente o “primeiro” peregrino con nome propio foi D. Hugo, bispo de Porto, morto en 1156. Seguen Afonso II (1220), tal vez Sancho II (1244) e Santa Isabel, a “rainha santa” que tras enviivar de Don Dinis o fixo o Camiño en dúas ocasións. En 1502 percorre este roteiro o rei D. Manuel, o venturoso. Pero tamén moitos peregrinos europeos toman este camiño, ben na ida ou na volta a Compostela: o barón bohemio León de Rosmithal (1466), Nicolás de Pielovo, de Silesia (1484), o médico de Nuremberg, Jerônimo Münzer (1494), Giovani Battista Confalonieri, nuncio en Lisboa, que deixou un minucioso relato do seu percorrido en 1594, ou Cosme III de Médicis, acompañado de 30 persoas, en 1699, etc. Moitos deixaron testemuñas escritas do seu paso pola cidade tudense, permanente porta de entrada ao longo dos séculos do camiño portugués en Galicia, condición que segue conservando na actualidade.



## O ALBERGUE DE PEREGRINOS

A cidade de Tui conta cun pequeno albergue para peregrinos. A súa capacidade é de 36 plazas en literas. Coa chegada do Ano Santo porase en funcionamento un albergue provisional en Santo Domingo. Para grupos grandes o concello pon a disposición dos peregrinos os polideportivos municipais. En Tui, teñen prioridade os viaxeiros que levan unha xornada de camiño sobre os que inician o percorrido en Tui. O albergue está dotado de tódalas comodidades para o descanso do peregrino; servizos, duchas, auga quente, fregadeiro, tendedeiro, calefacción, sá de estar... pero non dispón de cociña. Para contactar; chamar ó teléfono: 638 27 68 55 (preferiblemente a partires das 13:00 horas)

